

TRABALLO PARA A SEMANA DO 16 AO 20 DE MARZO

Ademais das tarefas para cada sesión que se propoñen neste documento, as alumnas e alumnos deberán ir escribindo un diario sobre as súas vivencias nestes días. Estamos a vivir unha circunstancia extraordinaria e resulta interesante ir documentando o que ocorre, como nos sentimos, a que reflexións chegamos... E deste xeito non perdemos o hábito de escribir, que é moi importante. Non é preciso escribir estritamente tódolos días, mais si un mínimo de 3 días á semana. En canto á extensión, como mínimo débense escribir 10 liñas de cada vez. Isto pódese facer no caderno ou en folios á parte (como fixemos co “libro” de relatos). Ademais, se se fai a ordenador, pódese ir enviando isto ó meu correo (olalla.linhares@gmail.com) e eu irei facendo as correccións pertinentes.

1ª sesión

Le a teoría das páxinas 122 e 123 e fai os exercicios 2 (sen copiar os textos, só os pronomes), 6, 8 e 9.

2ª sesión

Fai os exercicios 1, 2 e 4 da páxina 124.

3ª sesión

Fai os exercicios 5, 6, 7 e 8 (sen copiar o texto, só as palabras a completar) da páxina 125.

4ª sesión

Le a teoría das páxinas 126 e 127 e fai os exercicios 1 e 5.

Pregúntalle ás persoas que haxa na túa casa 5 palabras aleatoriamente. Escribe un poema de cando menos dúas estrofas utilizando estas 5 palabras. Podes utilizar a métrica que queiras, mais tenta incluír algunha das figuras literarias que aparecen explicadas na páxina 126.

Lembra copiar sempre os enunciados.

Para calquera dúbida o correo de contacto é olalla.linhares@gmail.com.

Ánimo!